



Rf.- A/S/C05-16

## ANUNCIO

### **ASTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU**

A Xunta de Goberno Local (XGL) deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o **02 de maio de 2016** adoptou entre outros o seguinte acordo:

#### **“B) CONTRATACIÓN**

#### **2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU**

1º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación do seguinte xeito:

<b>Identidade</b>	<b>RESULTADO</b>
LIMPERGAL S.L con CIF B27141159 representado por D. Dionisio Pérez Castro	ADMITIDA
MIGUEL PÉREZ GALIÑANES con NIF 76.819.176G (EXTINTORES SALNÉS)	EXCLUIDA da clasificación de ofertas
EXTINTORES CELTA S.L. con CIF B36797959. Representado por D. Fernando Santoro García	ADMITIDA

A exclusión do licitador MIGUEL PÉREZ GALIÑANES, NIF 76.819.176G (EXTINTORES SALNÉS) foi acordada pola XGL, na sesión ordinaria celebrada con data 04.04.2016 por considerar que a oferta presentada polo mesmo (RE núm. 1387 de 01.03.2016) non pode ser cumprida por mor da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados que non han sido xustificados en tempo e forma polo ofertante co incumprimento do requirimento formulado ao efecto pola secretaria da mesa de contratación con data 10.03.2016 (RS núm. 777/16 da mesma data). Dito acordo de exclusión se realiza en base á proposta formulada pola mesa de contratación en sesión celebrada con data 21.03.2016

2º.- Adxudicar a “LIMPERGAL S.L., CIF. B- 27141159, representada por D. Dionisio Pérez Castro, DNI nº 33.858.049-W e domicilio social na r./ Manuel Leiras Pulpeiro núm. 16 baixo (Lugo), o contrato administrativo de servizos para o "MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO, E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS, EQUIPOS E SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS (PCI) EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU," polo importe de 2.888,40. €/ano, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 606,56.- €/ano, o que supón un importe de adxudicación de 3.494,96.-€/ano. (IVE incluído)

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición ( RE 1473 de 03.03.2016), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula 17º, e o establecido nos PPT para a contratación do Servizo de "Mantemento Preventivo e correctivo, e conservación das instalacións, equipos e sistemas de protección contra incendios (PCI) en vehículos municipais e edificios dependentes do Concello de Bueu," aprobados mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 01.02.2016

- Consonte a cláusula 13 do PCAP e o arts. 156 TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes o da recepción da notificación do acordo de adxudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da



## CONCELLO DE BUEU

### DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula 2ª dos PCAP

- O Responsable do contrato segun o disposto na cláusula 16º do PCAP será o Arquitecto Técnico do Concello, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ó contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma. No suposto de substitución do responsable do contrato lle será comunicado por escrito ó contratista nun prazo de dez días hábiles á data e que se houbera producido. O responsable do contrato terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP, e que a modo meramente enunciativo e non limitativo se describen na cláusula 16º do PCAP aprobados mediante acordo de Xunta de Goberno Local con data 01.02.16

-En canto á execución do contrato estarase ó disposto na cláusula 17º dos PCAP aprobados mediante acordo de Xunta de Goberno Local con data 01.02.16

**O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.**

Bueu, a 06 de maio de 2016

O alcalde,  
Félix Juncal Novas